



CONCELLO DE VIGO  
XERENCIA DE URBANISMO / OFICINA DE PLANEAMENTO E XESTIÓN



# **PERI IV-01 SAN ROQUE A**

## **MEMORIA INFORMATIVA**

ANEXO 4 : INFORMES SECTORIAIS


DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA / MAIO 2004



ADMINISTRACIÓN  
GENERAL  
DEL ESTADO

DELEGACIÓN DO GOBERNO  
EN GALICIA

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO  
EN GALICIA



O F I C I O

S/REF.

N/REF.

FECHA

ASUNTO

14-03-01

Avance del Plan Especial Reforma Interior IV-01 San Roque A., de Vigo.

ILMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE DEL  
EXCMO. AYUNTAMIENTO DE VIGO  
Plaza del Rey, s/n  
36200 VIGO

Presentado por ese Ayuntamiento, en la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra, un ejemplar del Avance del Plan Especial Reforma Interior IV-01 San Roque, a los efectos previstos en el artículo 41.1 de la Ley 1/1997, de 24 de marzo del Suelo de Galicia, le informo que, habiéndose establecido los pertinentes contactos solicitando alegaciones o informes a los siguientes organismos:

- Demarcación de Carreteras.
- Servicio de Patrimonio del Estado
- Área de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Área de Agricultura
- Área de Industria

Según informa el Área de Fomento, no se ha recibido informe alguno o alegación que haya de ser tenido en cuenta para la redacción del instrumento de ordenación urbanística.

Por otro lado, le comunico la necesidad de tener en cuenta, por parte de ese Ayuntamiento, además de lo establecido en las Leyes estatales, la Ley 6/98 sobre Régimen de Suelo y Valoraciones.

EL DELEGADO DEL GOBIERNO,



*Asenio Fernández de Mesa Díaz del Río*  
Asenio Fernández de Mesa Díaz del Río

CORREO ELECTRONICO:  
[secretario@galicia.map.es](mailto:secretario@galicia.map.es)

PLAZA DE ORENSE, S/N  
15071 A Coruña  
TEL.: 981.12.24.25  
FAX.: 981.12.25.96



CONCELLO DE VIGO  
PATRIMONIO HISTÓRICO

**DATA:** 14/11/2001

**ASUNTO:** INFORME PATRIMONIO HISTÓRICO  
PERI IV SAN ROQUE A  
Expte. 6570/411


**DESTINATARIO:** SR. ARQUITECTO XEFE  
PLANEAMENTO URBANÍSTICO  
XERENCIA DE URBANISMO

En relación co seu oficio de 15/10/01 sobre o asunto de referencia, infórmase o seguinte:

1. Nin no ámbito do PERI nin na súa área próxima existe ningún elemento arqueolóxico ou etnográfico inventariado.
2. Non embargantes, sen que nos conste que estea incluída en ningún inventario, existe unha antiga portada de pazo ou casa grande na praza de santa Rita, datada -segundo inscrición que figura na mesma- en 1780. Este elemento parece que foi trasladado no ano 1973 a este lugar dende unha finca próxima, cando se realizou o ensanche da rúa Porto Rico<sup>1</sup>. Consideramos que debería catalogarse e conservarse.
3. Parécenos importante salientar que no límite do PERI, no lugar ocupado actualmente pola igrexa de san Xosé Obreiro, existiu ata a década de 1960 (?) a capela de san Honorato, de estilo barroco, que tiña, na súa fronte, un cruceiro de grande interese histórico-artístico, posiblemente da mesma época cá igrexa. Trala destrución desta, o cruceiro foi instalado (non sabemos se mercado ou doado) na fábrica de Carnaud en Coruxo onde pensamos que aínda se conserva. Neste sentido coidamos que pode ser interesante, con motivo da xestión deste PERI, establecer algún contacto cos actuais propietarios do cruceiro para restituír na zona este elemento referencial do pasado desta parte da cidade. Achegamos con este informe ficha sobre este tema.


RO/



O XEFE DE PATRIMONIO HISTÓRICO




Asdo.: Rafael Ojea Pérez

<sup>1</sup> Memoria do proxecto de Xardín na praza de santa Rita. Arquivo Municipal (Caixa 14º 2-proxectos nº 45258)







Patrimonio cultural destruido en Vigo: [1](#) [2](#) [4](#) [5](#) [6](#) [7](#) [8](#) [9](#) [10](#)

[Volver a Vigo. Patrimonio cultural](#)



FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.  
UNION TEMPORAL DE EMPRESAS. LEY 18/82




CONCELLO DE VIGO - SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO DE AGUA

FECHA  
REF.

25 de octubre de 2001  
Nº 1.586 - AMV-RSL/ms.

C/ Cantabria, s/n · C/ Venezuela, 4  
Telf: 986 37 99 66 · Telf: 986 48 06 42  
Fax: 986 37 83 36 · Fax: 986 47 26 46  
36205 VIGO · 36203 VIGO



**A/A. D. ANTONIO ALONSO FERNANDEZ**  
**GERENCIA DE URBANISMO**  
**OFICINA DE PLANEAMIENTO**  
**EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

**ASUNTO: Su escrito de 18.10.01 de R.E. Expte. Refª 6.570/411.**  
**Plan Especial de Reforma Interior IV-01 San Roque A.**

En contestación al asunto citado y en virtud de su contenido, le informamos lo siguiente:

**RED DE DISTRIBUCION DE AGUA:**

- El diámetro mínimo de los tubos será de 100 mm. con el empleo de tubería de fundición dúctil.
- En las redes malladas llevará en cada nudo válvulas de corte y en las ramificadas una válvula de seccionamiento en cada ramal.
- En las redes secundarias solamente se admitirá como en el resto, tubería de fundición y tanto las acometidas de abastecimiento o saneamiento en los posibles edificios serán ejecutadas por el concesionario de acuerdo con el artículo 13 apartado 4 del Reglamento del Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo.
- Si se prevé la colocación de hidrantes, la red será de diámetro 150 mm.
- La profundidad mínima de la tubería será tal, que la generatriz superior del tubo quede por lo menos a 1 metro en lugares de tráfico y se podrá disminuir a 60 cm. en lugares sin tráfico. Estarán suficientemente separadas para que en caso de una reparación, ésta se pueda llevar a cabo sin que las demás redes lo impidan. Si debajo de las aceras no hubiese sitio, la red de abastecimiento puede ir por la calzada.



FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.  
UNION TEMPORAL DE EMPRESAS. LEY 18/82

- No se permite el cruce de calzadas con acometidas para abastecer a bloques de viviendas por lo que se tendría que colocar tuberías en las dos aceras siempre que exista inmuebles en ellas.
- La red de riego tendrá que ser de fundición y es aconsejable que para el riego de parques y jardines, se prevean pozos para abastecer esta red ya que las conducciones existentes están al límite de su capacidad hidráulica.
- Las bocas de riego para la limpieza de aceras y viales pueden estar conectadas directamente a la red de distribución de abastecimiento.
- Para abastecer la zona representada en el PERI San Roque, se tendrá que captar el agua por dos puntos distintos.



La zona incluida dentro de la cota limitada por el valor de 105 se abastecerá desde la c/Pizarro.

A partir de la cota 105 se suministraría desde la tubería de Couto de San Honorato.

### **RED DE SANEAMIENTO:**

La red de colectores existente es la que figura en el plano, antigua y deficiente, presentando anomalías que dificultan su mantenimiento.

No está en condiciones de soportar la incorporación de nuevos vertidos.

Atentamente,  
  
  
Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.  
Unión Temporal de Empresas Ley 18/82

Juan Carlos Ortiz López

JEFE DPTO. EXPLOTACION



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**OFICINA DE PLANEAMENTO**  
**ASUNTO: PERI IV-01 SAN ROQUE A**  
**Nº DE EXPEDIENTE:6570/411**

**SRA. XEFA DE SERVICIO DE ESTATÍSTICA**  
**CONCELLO DE VIGO**

Con motivo dos traballos de redacción do PERI IV-01 SAN ROQUE, preténdese levar a cabo un estudio socio-económico.

Por esta razón se solicita que nos faciliten os datos ( ou a forma de obtelos) de poboación , referentes ó último censo , das seguintes ruas:

- COLOMBIA ( pares, entre o 4 e o 22)
- COUTO PIÑEIRO (pares , entre o 10 e o 22)
- VAZQUEZ VARELA ( impares , do 45 ó 61 )
- 1ª,2ª E 3ª TRAVESIA DE RIBADAVIA ( completas)
- TRAVESIA DE COUTO PIÑEIRO ( completa)
- TRAVESÍA DO FORNO ( completa)
- TRAVESÍA DE CALAZAS ( completa)
- TRAVESÍA DE MAÑUCAS ( completa)
- COUTO DE SAN HONORATO ( impares, dende o 1 ó 101)
- TRAVESÍA DA HORTELANA ( completa )
- TRAVESÍA DA CHURREIRA ( completa )

Os datos que se pretenderían obter serían distribución por sexos e idades, réxime de tenencia da vivenda, nivel de instrucción e poboación activa.

Moi agradecido:

Vigo 21 de xuño de 2001

O arquitecto municipal:

Xefe da Oficina de planeamento e xestión:

Asdo: Antonio Alonso Fernández

Recibín o / / 2001

Asdo:.....





**Concello de Vigo**

**ESTADÍSTICA**

**Data:** 22 de xuño de 2001

**Destinatario:** Antonio Alonso  
Oficina de Planeamento

**Asunto:** PERI IV-01 SAN ROQUE

**INFORME**

À vista da súa solicitude, temos que dicirlle o seguinte:

- 1.- A Travesía de Calazas non ten poboación por iso non figura no listado.
- 2.- A aplicación do Padrón Municipal de Habitantes non permite a pirámide de idade por rúas, soamente por distritos ou parroquias.
- 3.- Nesta dependencia non hai datos sobre o réxime de tenencia da vivenda, nin poboación activa (os datos de poboación activa dependen do INE, e a unidade de medida nunca é por rúas ou barrios).
- 4.- Os niveis de instrución non son significativos, este dato se recolleu na derradeira renovación padroal no ano 1996, e dende aquela, na maioría dos casos, os cidadáns non o ten actualizado, polo tanto é “coma unha fotografía no tempo”.

Asd: M<sup>a</sup> Isabel Ayuso Torres  
XEFA DE ESTADÍSTICA





## Concello de Vigo



### Estatística

En contestación á súa solicitude, o Dpto. de Estatística infórmalle que os datos que figuran nos nosos arquivos sobre a poboación de rúas son:


Rúa	Intervalo	Homes	Mulleres	Total
RUA BARRIO RIBADAVIA	0001-9999 / 0002-9998 /	45	50	95
TRVA BARRIO RIBADAVIA 1	0001-9999 / 0002-9998 /	24	29	53
TRVA BARRIO RIBADAVIA 2	0001-9999 / 0002-9998 /	44	39	83
TRVA CALAZAS	0001-9999 / 0002-9998 /	22	28	50
RUA COLOMBIA	0004-0022 /	49	55	104
RUA COUTO PIÑEIRO	0010-0022 /	9	10	19
TRVA COUTO PIÑEIRO	0001-9999 / 0002-9998 /	17	21	38
RUA COUTO SAN HONORATO	0001-0101 /	78	88	166
TRVA CHURRERA	0001-9999 / 0002-9998 /	3	3	6
TRVA FORNO	0001-9999 / 0002-9998 /	39	49	88
RUA HORTELANA	0001-9999 / 0002-9998 /	0	5	5
RUA VAZQUEZ VARELA	0045-0061 /	19	62	81
<b>Total xeral</b>		<b>349</b>	<b>439</b>	<b>788</b>

A Xefa de Estatística,

M. Isabel Ayuso Torres



PIRAMIDE DE IDADES DO DISTRITO 2 SECCION 14 ( PERI SAN ROQUE)



INTERVALO AÑOS	HOMBRES	%	MUJERES	%	T O T A L
00 - 05	26	61,90	16	38,10	42
05 - 10	24	46,15	28	53,85	52
10 - 15	21	52,50	19	47,50	40
15 - 20	28	50,91	27	49,09	55
20 - 25	46	56,10	36	43,90	82
25 - 30	39	44,32	49	55,68	88
30 - 35	51	49,04	53	50,96	104
35 - 40	39	48,75	41	51,25	80
40 - 45	40	51,95	37	48,05	77
45 - 50	31	43,66	40	56,34	71
50 - 55	28	50,91	27	49,09	55
55 - 60	24	41,38	34	58,62	58
60 - 65	26	54,17	22	45,83	48
65 - 70	20	35,71	36	64,29	56
70 - 75	25	35,21	46	64,79	71
75 - 80	20	44,44	25	55,56	45
80 - 85	10	25,64	29	74,36	39
85 - 90	6	24,00	19	76,00	25
90 - 95	3	42,86	4	57,14	7
95 - 99			2	100,00	2
T O T A L . . .	507	46,22	590	53,78	1.097

\*\*\*\*\*

DATOS PORCENTUALES SOBRE TOTALES HOMBRES/MUJERES

INTERVALO AÑOS	HOMBRES	%	MUJERES	%	T O T A L
00 - 05	5,13		2,71		3,83
05 - 10	4,73		4,75		4,74
10 - 15	4,14		3,22		3,65
15 - 20	5,52		4,58		5,01
20 - 25	9,07		6,10		7,47
25 - 30	7,69		8,31		8,02
30 - 35	10,06		8,98		9,48
35 - 40	7,69		6,95		7,29
40 - 45	7,89		6,27		7,02
45 - 50	6,11		6,78		6,47
50 - 55	5,52		4,58		5,01
55 - 60	4,73		5,76		5,29
60 - 65	5,13		3,73		4,38
65 - 70	3,94		6,10		5,10
70 - 75	4,93		7,80		6,47
75 - 80	3,94		4,24		4,10
80 - 85	1,97		4,92		3,56
85 - 90	1,18		3,22		2,28
90 - 95	,59		,68		,64
95 - 99			,34		,18

Data: 16/03/2001	Parte nº
Asunto: Especies da vexetación de interese no PERI IV-01 SAN ROQUE A	

### INFORME

Visitado o PERI IV-01 SAN ROQUE A, nas datas 23, 26 de febreiro de 2001, polo inspector de Medio Ambiente, compróbase os feitos seguintes:

Dentro do mencionado PERI non aparece ningunha especie recoñecida no catálogo de árbores singulares do Concello de Vigo.

Detectase un gran número de árbores frutais e ornamentais, xa que casi tódalas vivendas contan con terreo o arredor.

Rúa Ribadavia nº 54 (dúas palmeiras, magnolia sulangiana, camelias, etc.), nº 49, 12 (frutais), nº 4 (palmeira de gran porte que da a plaza de Pizarro).

Rúa Hortelano nº 3 (frutais)

Rúa 1º Travesía do Couto Piñeiro nº 3 (frutais)

Rúa Travesía do Horno nº 31,33,35 (frutais)

Rúa Couto San Honorato nº 21, 43 (palmeiras e frutais) nº 79,87, 58 (frutais)

Rúa Vázquez Varela nº 47,49 (frutais e camelias) nº 53, 57 (palmeiras).

Sería convinte conservar o maior número de especies posibles, xa que inda que non aparecen dentro do Catálogo de árbores singulares do Concello de Vigo, algunhas palmeiras, magnolias, camelias, etc. teñen mais de cincuenta anos.

Xúntase planos de situación e as correspondentes fotografías.


O inspector municipal






CONCELLO DE VIGO


Medio Ambiente

Asdo: Gabriel Martínez Giráldez









**CLASIFICACION DO SOLO**

- SU - SOLO URBAN
- SUP - SOLO URBANIZABLE PROGRAMADO
- SUNP - SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO
- SNU - SOLO NON URBANIZABLE

**PLANEAMENTOS DE DESENVOLVEMENTO**


- UE - UNIDADE DE EXECUCION
- PERI - PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR
- PP - PLAN PARCIAL
- PAU - PROGRAMA DE ACTUACION URBANISTICA
- PE - PLAN ESPECIAL
- PEMM - PLAN ESPECIAL DE MELLORA DO MEDIO
- PEP - PLAN ESPECIAL DE PROTECCION
- ED - ESTUDIO DE DETALLE

**ORDENANZAS**

- RESIDENCIAL**
  - 1.1 EDIFICACION PEGHADA
  - 1.2 EDIFICACION ABERTA
  - 1.3 EDIFICACION UNIFAMILIAR
- TERCIARIO INDUSTRIAL**
  - 2.1 CENTRO DE DISTRITO DE BARRO
  - 2.2 INDUSTRIA
- EQUIPAMENTOS**
  - 3.1 VERDES E LIBRES
  - 3.2 DEPORTIVO
  - 3.3 CULTURAL E SOCIA

- OUTROS SERVICIOS**
  - 4.1 PORTUARIO
  - 4.2 FERROVIARIO
  - 4.3 MILITAR
  - 4.4 RECREO
  - 4.5 OUTRAS INSTITUCIONS
  - 4.6 SERVICIOS URBANOS

**PLANEAMENTOS DE DESENVOLVEMENTO**




**CONCELLO de VIG**

SUBSANACION DE DEFICIENCIAS NA  
ADAPTACION DO P.X.O.U.P. VIGO DE 1988  
A LEY 11/85 DE ADAPTACION DA DO SOLO  
A GALICIA

**P**

ESCALA	1:2.000	CLASIFICACION E CALIFICACION	Març
Planeamento		REXIME DO SOLO	PLANO 17-2







**CLASIFICACION DO SOLO**  
 SU - SOLO URBAN  
 SUP - SOLO URBANIZABLE PROGRAMADO  
 SUNP - SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO  
 SNU - SOLO NON URBANIZABLE

**PLANEAMENTOS DE DESENVOLVEMENTO**  
 UE - UNIDADE DE EXECUCION  
 PERI - PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR  
 PP - PLAN PARCIAL  
 PAU - PROGRAMA DE ACTUACION URBANISTICA  
 PE - PLAN ESPECIAL  
 PEMM - PLAN ESPECIAL DE MELLORA DO MEDIO  
 PEP - PLAN ESPECIAL DE PROTECCION

**ORDENANZAS**  
**RESIDENCIAL**  
 1.1 EDIFICACION PEQUENA  
 1.2 EDIFICACION ABERTA  
 1.3 EDIFICACION UNIFAMILIAR  
**TERCIARIO INDUSTRIAL**  
 2.1 CENTRO DE DISTRITO DE BARRIO  
 2.2 INDUSTRIA  
**EQUIPAMENTOS**  
 3.1 VERDES E LIBRES  
 3.2 DEPORTIVO  
 3.3 CULTURAL E SOCIAL

**OUTROS SERVICIOS**  
 4.1 PORTUANDO  
 4.2 FERRANVIA  
 4.3 MILITAR  
 4.4 RECREO  
 4.5 OUTRAS INSTITUCIONS  
 4.6 SERVICIOS URBANOS  
 ● ELEMENTOS DE INTERES

**PLANEAMENTOS DE DESENVOLVEMENTO**  
 CLASIFICACION  
 PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO  
 H. DE ORDEN  
 APLICACION DIRECTA DE ORDENANZA  
 USO  
 TPO



**CONCELLO de VIGO**  
 SUBSANACION DE DEFICIENCIAS NA  
 ADAPTACION DO P.X.O.U. DE VIGO DE 1938  
 A LEY 11/85 DE ADAPTACION DA DO SOLO  
 A GALICIA  
**18-26**  
 ESCALA: 1:2.000  
 CLASIFICACION E CALIFICACION  
 Marzo - 9



## Concello de Vigo

Infraestructuras e  
Medio Ambiente

DATA: 31 de outubro de 2001

### NOTA INTERIOR

**DE: OFICINA DE PARQUES E XARDÍNS  
E OFICINA DE MEDIO AMBIENTE  
A: OFICINA DE PLANEAMENTO**

**ASUNTO: INFORME PARA A REDACCIÓN DO PERI IV-01 SAN ROQUE A**

Unha vez feita unha visita de campo por persoal da oficina de Parques e xardíns e da oficina de medio ambiente, á zona do PERI, sinalamos a presenza das seguintes especies vexetais que interesaría conservar:

- Na parcela 132 e 133 na parte de diante cara á Rúa Alcalde Vázquez hai unha palmeira grande.
- Na parcela 135 na parte de diante cara á Rúa Alcalde Vázquez hai: unha palmeira, un acibro, un Tetrapanax Papyrifera e un Pitósporum.
- Na parcela 136 na parte de adiante cara á Rúa Alcalde Vázquez hai un loureiro.
- Na parcela 137 na parte de diante cara á Rúa Alcalde Vázquez, hay un ciprés, varios loureiros de bó porte e un par de camelios pequenos.
- Nas parcelas 139 e 140 na parte dianteira cara a Rúa hai unha serie de arbustos.
- Na parcela 11, está a árbore de máis valor. É unha palmeira canaria de bó porte.
- Na parcela 148 hai unha figueira e dúas nogueiras de bó porte
- Na parcela 98 hai unha nogueira e unha pereira
- Na parcela 99 hai varias árbores frutais e un loureiro
- Na parcela 110 hai un loureiro, unha nogueira e un aguacate de bó porte
- Na parcela 111 hai un loureiro e unha pereira
- Na parcela 112 hoy unha nogueira e un castiñeiro grande



## Concello de Vigo

Infraestructuras e  
Medio Ambiente

- Na parcela 217 hoy dúas palmeiras, un magnolio, unha nogueira, varios camelios e un arbusto.
- Na parcela 219 hoy un loureiro e unha pereira
- Na parcela 241 hai un castiñeiro
- Na parcela 256 hoy unha palmeira grande
- Na parcela 266 hai unha palmeira grande
- Na parcela 61 hai un castiñeiro

Toda esta vexetación terá que incluírse no proxecto de xardinería correspondente ás zonas verdes. O devandito proxecto axustarase ás especificacións do borrador de “Normativa xeral reguladora das obras de xardinería” que se xunta con este informe. Así mesmo respetaranse as especificacións da Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espacios Verdes.

Ado: Avelina Santiso Gil

Asdo: Rafael Lage Veiga



## Concello de Vigo

Montes, Parques e Xardíns

# NORMATIVA XERAL REGULADORA DAS OBRAS DE XARDINERÍA (Borrador 3 corrixido)

## CAPITULO I - PRINCIPIOS XERAIS

### Articulo 1. *Obxecto.*

Esta Ordenanza ten como obxecto regular e disciplinar as Obras de Xardinería que podan realizarse por iniciativa pública ou privada no Termo Municipal de Vigo, e está dirixida fundamentalmente os promotores de urbanizacións que como consecuencia da execución do planeamento deban proceder a realización de obras de xardinería para a súa posterior cesión ao Concello.

### Articulo 2. *Proxecto.*

As zonas verdes ou axardinadas poderán crearse por iniciativa pública ou privada.

Os promotores de proxectos de urbanización que executen o planeamento deben, sen excepción, incluír neles un proxecto de xardinería firmado por un Técnico competente (Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Agrícola Enxeñeiro Técnico Forestal ou análogo) visado polo Colexio Profesional correspondente, no que se describan, deseñen e valoren polo miúdo todas as obras, instalacións e plantacións que integren as zonas verdes ou axardinadas e as árbores preexistentes o plantar.

O Proxecto contará cos seguintes documentos:

- a) Memoria.
- b) Planos
- c) Prego de Condicións particulares.
- d) Presuposto

- a) MEMORIA



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

Neste documento se describirán os seguintes apartados:

- Obxecto do proxecto con indicación clara da zona a axardinar.
- Situación actual, indicando as características do solo, vexetación, orientación, etc.
- Xustificación do criterio de axardinamento no que se terán en conta:
  - Criterios paisaxísticos.
  - Condicionantes específicos.
  - Minimización dos custos de mantemento.
- Xustificación do tipo de axardinamento proposto no que se describa:
  - Elementos vexetais a introducir.
  - Material ornamental non vexetal.
- Movementsos de terra. Se describiran os movementos de terra que se van a realizar, indicando volumes de desmonte e de recheo..
- Sistema de rega no que se acheguen os cálculos e unha descrición completa do sistema de rega que se vai a utilizar así como das características dos elementos e automatismos que o compoñan ( tuberías, aspersorios , difusores, microdifusores, goteiros, válvulas, electroválvulas, programador, etc.).
- Obras de albanelería. No caso no que sexa necesaria a construción dalgún elemento de albanelería (pérgolas, muros, alcorques, arquetas, sumidoiros, camiños ) farase unha descrición das características constructivas de cada elemento, e presentaranse os cálculos constructivos correspondentes.
- Mobiliario. Detallarase cada elemento de mobiliario urbano presente no axardinamento, o emprazamento e o detalle dos anclaxes o chan.

#### b) PLANOS

- Situación, mostrarase a ubicación da zona a axardinar.
- Topográfico. Presentarase un plano da superficie con curvas de nivel.

Si se van a facer desmontes ou terrapléns presentaranse o plano de perfíles correspondente.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- Distribución das distintas zonas do axardinamento: xogos, plantacións camiños, etc.
- Vexetación existente na zona a axardinar antes de actuar sobre ela, sinalando a que se elimina e a que se respecta.
- Plantación. Será reflectido con claridade a situación das novas plantacións diferenciando as distintas zonas (sementeiras, arboredos, noiros tapizados, rocallas, etc.) e cada unha das especies utilizadas.
- Rego Presentaranse os planos de rega necesarios para que quede claramente reflectido a distribución dos distintos emisores de rego a cobertura e o solape; a distribución das tuberías sinalando os diámetros de cada tramo, a situación de arquetas, programador, etc.
- Mobiliario. Se representará nun plano a distribución dos distintos elementos do mobiliario que vai a estar presente no axardinamento.
- Albanelería. Se achegarán os planos constructivos e detalle dos distintos elementos de albanelería do axardinamento.
- Saneamento. Achegaranse os planos de distribución da rede de saneamento (drenaxes, canalización de pluviais, etc.)

Poderanse representar xuntos no mesmo plano calquera dos apartados anteriores sempre que queden claramente definidos.

Incluíranse tamén todos aqueles planos que o Proxectista crea necesario para unha mellor comprensión ou representación do Proxecto.

#### c) PREGO DE CONDICIÓN S

No proxecto deberá incluírse o prego de condicións particulares.

#### d) PRESUPOSTO

Incluírase orzamento detallado por unidades de obra e presuposto total.

#### *Artículo 3. Antecedentes.*

As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais, como a vexetación orixinal existente, cursos de auga o zonas húmidas, configuracións topográficas do terreo e calquera outro que conforme as





## **Concello de Vigo**

### **Montes, Parques e Xardíns**

Cando algún elemento vexetal non se poda manter no seu emprazamento procederase a o seu transplante dentro do propio axardinamento, ou ben se retirará para aproveitar noutro lugar determinado polo Inspector de Obra designado polo Concello.

#### *Articulo 4. Comezo dos traballos.*

O Contratista poñerá en coñecemento do Concello a data de iniciación das obras.

O Concello nomeará un Técnico Inspector da obra, que vixiará a marcha dos traballos, e poderá en todo momento esixir os análises ou comprobacións pertinentes tanto dos materiais como das plantas e terras utilizadas no axardinamento.

#### *Articulo 5. Replanteo.*

O Director de Obra, o representante do Contratista e o Inspector de Obra, previo ao inicio dos traballos, procederán a comprobar na realidade a veracidade dos datos e medicións reflectidas nos documentos contractuais. Especialmente de todos aqueles puntos que definan obras concretas de fábrica ou movementos de terra, accesos, desenrolo de vías, etc. e os perímetros totais das superficies e os parciais das distintas zonas.

Na execución do replanteo fixaranse cantos puntos de referencia considere preciso o Director de Obra ou aqueles que solicite o contratista.

Unha vez finalizado o replanteo elevarase Acta do mesmo, na que se farán constar tódalas incidencias habidas, con especial mención dos erros, omisións e contradicións existentes entre os documentos contractuais entre sí, ou entre estes e a realidade.

A Acta de Replanteo irá subscrita polo Director de Obra, o Contratista ou o seu representante e o Inspector de obra designado polo Concello, facéndose constar as obxeccións, observacións ou reparos que tubera cada parte.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

#### CAPITULO II NORMAS SOBRE TERRAS E MODIFICACIÓN DE SOLOS.

##### Articulo 6. *Normas xerais.*

As zonas previstas para o axardinamento dentro da urbanización deberá ser protexida das labores de construción dos edificios, quedando prohibido o vertido ou almacenamento sobre elas de cementos, cales, pinturas, materiais, escombros, etc.

##### Articulo 7. *Determinación das modificacións necesarias.*

A capa superior do solo recibirá un tratamento específico en función do uso a que se destine, das súas condicións intrínsecas e dos problemas que poida ocasionar a erosión.

Neste sentido consideraranse as superficies:

- Destinadas a plantacións e sementeiras.
- Destinadas a uso en continuidade (camiños, paseos, etc.)
- Destinadas a uso periódico intenso (campos de xogo)
- En pendente, suxeitas a erosión (noiros en xeral).

De tódolos xeitos, a condición física e química do terreo, aínda que estea definida no Proxecto, pode quedar modificada polos movementos de terras e pola compactación orixinada polo emprego de maquinaria pesada.

Unha vez terminados os movementos de terra, queda establecido o solo real e resulta necesario, en canto a obra sexa de algún volume, coñecer as modificacións introducidas.

Polo tanto a Dirección de Obra poderá esixir a realización de análise e probas para obter os seguintes datos:

- Permeabilidade do solo e do subsolo en todas as superficies que non van a ser revestidas con material impermeable.
- Análises químico con expresión de carencias de elementos fertilizantes e pH.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- Contido en materia orgánica.
- Composición granulométrica.

Coñecidos estes datos a Dirección de Obra poderá decidir sobre a necesidade de :

- Incorporar materia orgánica en determinada cantidade e forma.
- Efectuar achegas de terra vexetal.
- Realizar emendas.
- Establecer un sistema de drenaxe para algunhas plantacións e superficies.

#### Articulo 8. *Pendientes.*

##### Perfil lonxitudinal:

As superficies que figuren nos planos como horizontais deberán executarse en obra con unha pendente lonxitudinal non inferior o un por cento (1%), para permitir a evacuación de auga de chuvia ou de rego.

Cando as superficies que presenta o terreo ou as que foran proxectadas sexan superiores o oito por cen (8 %), será necesario revestir ou pavimentar as superficies dos camiños por algún dos procedementos acostumados excluindo o asfaltado.

##### Perfil transversal:

Salvo especificación expresa no Proxecto, o perfil transversal dos camiños será convexo e trazado de xeito que a pendente se faga maior ao afastarse do eixo lonxitudinal.

Para os camiños e superficies revestidas, a pendente transversal será próxima ao un por cento (1%). Para os camiños non revestidos, a pendente transversal media oscilará entre o un e medio por cento (1,5%) e o dous por cento (2%). Canto mais forte sexa a pendente lonxitudinal, tanto mais pode diminuírse a convexidade do perfil transversal.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

#### Artículo 9. *Análises de terras.*

Tódolos Proxectos de Xardinería contarán co análise do solo onde se instalarán as plantacións, no que se determine:

- Textura (% de area, % de limo e % de arxila).
- PH.
- Materia orgánica (%).
- Nitróxeno total (%):
- Carbono (%).
- Relación Carbono Nitróxeno (C/N).
- Fósforo (mg  $P_2O_5$  /100gr de solo).
- Calcio (mg Ca / 100 gr de solo).
- Potasio ( mg  $K_2O$  / 100 gr de solo).
- Magnesio ( mg MgO / 100 gr de solo).
- Conductividade Eléctrica (CE)( mmhos/cm).

A vista do análise faranse e presentaranse os cálculos das necesidades de abonos y emendas para corrixir carencias e deficiencias texturais ou estruturais, e acadar os niveis óptimos de nutrientes no solo, que, en termos xerais estímase os seguintes:

#### a) Composición:

- Arxila menos do 20%.
- Area en torno o 50%.
- Limo en torno o 30%.

#### b) Granulometría:

- Para céspedes, macizos de flor e tapizantes, ningún elemento maior de 1 cm e do 20-25% de elementos de entre 2 e 10 mm.
- Para plantacións de árbores e arbustos, ningún elemento de mais de 5 cm e menos de 3% entre 1 e 5 cm.

#### b) Fertilizados:

- Materia orgánica 2%.
- Nitróxeno 37mgr/100 gr de solo.
- Relación C/N 10%.
- Fósforo asimilable 9 mgr/100 gr de solo.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- Calcio asimilable entre 100 e 200 mgr/100 gr de solo.
- Magnesio asimilable 11 mg/100 gr de solo.
- Potasio asimilable 15 mg/100 gr de solo.

c) Conductividade Eléctrica:

- CE 2 mmhos/cm.

d) pH:

En termos xerais as terras para plantación deberán ter un pH entre ó 6,5 e ó 7.

Esta relación poderá cambiar dependendo das plantas introducidas no axardinamento, o que se xustificará no proxecto.

#### Articulo 10. *Fertilizantes.*

##### 10.1 Abonos orgánicos:

Consideraranse como abonos orgánicos aquelas sustancias que pola súa descomposición, causada polos microorganismos do solo, resulta un aporte de humus e unha mellora na textura e estrutura do solo.

Todos estes abonos estarán exentos de elementos estraños e de sementes de malas herbas.

##### 10.2 Abonos inorgánicos:

Os abonos inorgánicos ou minerais aportaran ao solo unha ou mais sustancias fertilizantes. Deberán axustarse en todo a lexislación vixente.

#### Articulo 11. *Emendas.*

Considerase emenda a aportación de sustancias para mellorar as condicións físicas do solo.

- As emendas húmicas faranse con abonos orgánicos ou turba.
- Para as emendas calcarias utilizaranse CaO, preferentemente como calcarias magnesianas, podendo utilizarse os recursos locais acostumados.
- A area utilizada como emenda para diminuír a compactidade do solo deberán carecer de arestas vivas; utilizarase preferentemente



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

area de río pouco fina e desbotaranse as areas procedentes de machaqueos.

#### Articulo 12. *Demolicións.*

Cando dentro da zona de obras existan construcións ou elementos constructivos que obstaculicen a súa realización procederase ao seu derribo ou demolición.

O método de demolición será de libre elección do Contratista previa aprobación por o Director de Obra.

#### Articulo 13. *Desbroce.*

Cando o terreo a axardinar se atope con vexetación espontánea que non se vaia a incluír dentro do axardinamento procederase a quitala da superficie e do interior do solo; eliminando tódalas raíces de mais de dous centímetros de diámetro ata unha profundidade de un metro.

No Proxecto indicárase a terminación dos traballos, no que se refire a forma de deixar a superficie obxecto de estas operacións.

Respecto as madeiras, leñas e restos vexetais procedentes da execución de estas operacións procederase da seguinte maneira:

- Nos solos que van a ser revestidos ou compactados deben eliminarse en tódala súa totalidade.
- Nos solos destinados a plantacións e sementeiras enterraranse os restos pequenos co laboreo, previa eliminación dos grandes.
- Quedarán ou non de propiedade do Contratista, segundo se indique nas Condicións Particulares que se dicten para a execución do Proxecto.

Inclúese neste apartado a limpeza da superficie a axardinar dos posibles restos de materiais procedente das obras de construción.

#### Articulo 14. *Escavacións.*

As escavacións deben axustarse estrictamente as indicacións do Proxecto; calquera outra modificación do terreo que poda xustificarse en



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

orden a maior facilidade, rapidez e economía dos traballos deberá ser autorizada previamente por la Dirección de obra.

Escavarase en primeiro lugar a capa superficial de terra vexetal, a unha profundidade de 25 cm, acopiandoa para a súa posterior utilización dentro da obra nas zonas de plantación.

A escavación levarase a cabo coas precaucións oportunas para non dar lugar a desprendementos ou correntamentos. Evitarase no posible o acceso de auga, i en caso de producirse este tomaranse as medidas necesarias de acordo ca Dirección de Obra. Do mesmo xeito coidarase de non causar danos as conduccións eléctricas, telefónicas, etc.

Cando o material apto para recheos ou terrapléns non poda obterse en cantidade suficiente nas escavacións da obra, recorrerase a escavación en préstamos .

As zonas de préstamos virán fixadas no Proxecto ou quedará a elección do Contratista. Neste caso os materiais obtidos terán mellor ou igual calidade que os previstos no Proxecto.

O destino dos materiais escavados en exceso será a utilización en terrapléns ou recheos na mesma obra, ou ben levaranse a vertedoiro

Os materiais que a Dirección de Obra considere inadecuados para o seu uso na obra irán a vertedoiro.

Os materiais aproveitables empregaranse, sempre que sexa posible, dentro da obra en formación de terrapléns, recheos ou en calquera outra finalidade que sinale a Dirección de Obra.

Os materiais que eventualmente aparecen e puideran destinarse a fins ou usos mais nobres que os previstos no Proxecto, depositaranse ata que a Dirección de Obra indique o seu destino.

Cando as terras extraídas podan presentar problemas sanitarios, se procederá a súa desinfección, e manteranse expostas ao ar durante dous días, como mínimo, antes de levalas a vertedoiro. Este transporte verificarase de xeito que non podan producirse derrames de terra durante o traxecto.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

#### Artículo 15. *Extracción e acopio de terra vexetal.*

A extracción e acopio de terra vexetal consiste na escavación, transporte e apiado da capa superior do solo, dentro da área da obra, para o posterior emprego dentro da obra.

A escavación efectuarase ata a profundidade e nas zonas sinaladas no Proxecto. Antes de comezar os traballos someterase a aprobación da Dirección de Obra a elección das zonas de acopio y, no seu caso, un plan no que figuren as zonas e profundidades de extracción.

Durante a execución das operacións coidarase de evitar a compactación da terra vexetal, por iso empregaranse técnicas nas que non sexa necesario o paso de maquinaria pesada sobre os acopios.

Os acopios levaranse a cabo nos lugares elixidos de xeito que non interfiran no normal desenrolo das obras. A altura máxima dos acopio de terra será de dous metros (2m).

Si os acopios tuberan que facerse fora da obra, serán de conta do contratista os gastos que ocasione a dispoñibilidade do terreo.

#### Artículo 16. *Terrapléns ou recheos.*

As terras a empregar en terrapléns e recheos serán dos solos locais obtidos nas escavacións realizadas na obra ou nos préstamos que se definen nos Planos ou se autoricen pola Dirección de Obra.

Queda totalmente excluída a utilización para recheos dos cascallos e restos de materiais procedentes das obras de construción.

O aterraplenado efectuarase por tongadas, que non excederán os trinta centímetros (30 cm) de espesor, previa preparación do solo de asento. A distribución do material farase compactando en cada tongada.

#### Artículo 17. *Estendido de terra vexetal.*

Unha vez realizados os traballos de desmonte e terraplén poderase estender a terra vexetal sobre as zonas e nas cantidades previstas no Proxecto.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

As superficies sobre as que se estenderá a terra vexetal escarificaranse lixeiramente con anterioridade.

Evitarase o paso sobre a terra de maquinaria pesada que poida ocasionar compactación, especialmente si a terra está húmida.

Nos noiros de gran pendente ou de gran dimensión transversal, se escavarán pequenas gabias de quince centímetros de sección (15x15) a un metro de distancia, aproximadamente, ou a que determine la Dirección de Obra, para evitar o corremento da terra estendida.

O Contratista estará obrigado a estender una nova capa de terra vexetal si esta se correra do seu emprazamento por non tomar as medidas necesarias para impedir as erosións previsibles polos riscos de precipitacións normais.

#### Articulo 18. *Operacións de refino.*

Terminadas as operacións sinaladas anteriormente, procederase a comprobación das dimensións resultantes e a efectuar o refino de explanacións e noiros.

#### Articulo 19. *Preparación do terreo.*

Unha vez terminados tódolos traballos de construción do xardín (movementos de terra, apertura de gabias, etc.), e previo as plantacións, realizaranse tódalas labores de preparación do solo, necesarias para a instalación dos elementos vexetais.

Desfonde: consistirá en romper o solo a unha profundidade mínima de noventa centímetros (90 cm) para a plantación de árbores, sesenta centímetros (60 cm) para arbustos e corenta e cinco centímetros (45 cm) para a plantación de herbáceas; co fin de eliminar a compactidade de este sen voltealo. Esta operación realizarase mediante un subsolador de potencia adecuada, a profundidade establecida no Proxecto, e sobre solo seco.

Laboreo: esta operación realizarase para mulir o solo alterando a disposición dos horizontes ata unha profundidade de entre vintecinco e trinta centímetros (25-30 cm).



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

O contratista poderá escoller o procedemento que considera mais adecuado para efectuar esta operación, sempre que na memoria non se indique outra cousa.

Realizarase en condicións de humidade baixa para evitar compactación do solo.

Complementariamente ao laboreo, e para as zonas de sementeiras, procederase a eliminación de pedras, raíces, bulbos, restos de plantas e de malas herbas, etc.

Incorporación de emendas e abonos. As emendas e abonos incorporaranse o solo co laboreo, extendendoo sobre a superficie antes de empezar a labrar.

As emendas húmicas faranse uns días antes da plantación i enterraranse inmediatamente para evitar perdas de nitróxeno.

As emendas calcarias poderán facerse en calquera momento con unha antelación mínima de un mes sobre as plantacións. Non se aproveitará esta operación para incorporar outro material (abono orgánico, etc).

Os abonados locais, como os que corresponden a plantacións individualizadas, faranse directamente no foxo no momento da plantación.

### CAPITULO III. NORMAS SOBRE ELEMENTOS VEXETAIS.

#### Articulo 20. *Condicións xerais.*

Aínda sen desbotar o abano de posibilidades que o noso clima permite, procurarase a utilización de especies arbóreas autóctonas que na maioría dos casos adáptanse perfectamente a os condicionantes que definen o criterio do axardinamento.

Evitaranse as especies espiñosas ou de follas punzantes nas zonas de tránsito e nas zonas de xogos infantís.

Incluirase unha relación dos elementos vexetais que se van a introducir no xardín indicando altura, calibre, tamaño da maceta ou contedor, composición e características das sementes, etc.

Os elementos vexetais en xeneral, deberán cumprir as seguintes condicións:



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- As plantas pertencerán as especies, variedades ou cultivares sinalados na Memoria e Planos do Proxecto, e reunirán as condicións de idade, tamaño, desenrolo, forma de cultivo e de transplante que así mesmo se indiquen.
- As plantas serán sas e ben formadas; non mostrarán defectos causados por enfermidades, pragas ou medidas de cultivo que reduzan o seu valor, nin presentaran feridas na cortiza salvo as de poda. En tódalas plantas a relación entre altura e tronco será proporcional.
- A altura, anchura da copa, lonxitude das ramas, ramificacións e follas corresponderán a idade do individuo, segundo a especie ou variedade en proporcións equilibradas unha coas outras.
- O cepellón será proporcional a especie ou variedade, tamaño da planta, terá un bo sistema radicular y estará libre de malas herbas.
- Non se aceptarán como plantas cultivadas en contedor aquelas que non leven postas no recipiente o tempo necesario para que o sistema radical puidera ter un desenrolo suficiente.

O Inspector de Obra poderá esixir un certificado que garanta tódolos requisitos e rexeitar as plantas que non os reúnan.

O Contratista estará obrigado a substituír tódalas plantas rexeitadas e correrán a súa costa tódolos gastos ocasionados polas substitucións, sen que o posible atraso producido poda repercutir no prazo de execución da obra.

#### Artículo 21. *Arbores*

##### 21.1- Condicións específicas

- As dimensións dos troncos das árbores non será inferior a 16-18 cm. de perímetro, medido a un metro de altura de tronco; a altura, anchura, lonxitude das ramas, será proporcionada y equilibrada.
- As árbores destinadas a ser plantadas en aliñación terán o tronco recto e a súa altura non será inferior a dous metros e medio (2,5 m).
- As árbores de folla caduca poderán presentarse a raíz espida cun sistema radical ben ramificado, non excesivamente podado, sen síntomas de deshidratación e coa copa aclarada, mantendo o equilibrio entre a parte aérea e a parte subterránea.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- As coníferas estarán totalmente ramificadas dende a base segundo o habito da especie-variedade.
- As follas das coníferas terán a cor típica da especie-variedade y segundo a época.
- As coníferas presentaranse sempre en contedor.

#### 21.2 -Condicións de plantación.

Para as plantacións en aliñacións deberanse elixir árbores de porte adecuado as dimensións das beirarrúas co fin de que as copas se desenrolen con troncos rectos e simétricas sen que as ramas interfiran nas fachadas e podan producir, polo seu tamaño ou porte, unha perda de iluminación ou soleamento naquelas ou danos nas infraestructuras ou levantamento de pavimentos e beirarrúas, así, plantaranse:

- Árbores de porte pequeno en beirarrúas de 2,5m. de ancho como mínimo, plantados en alcorques de 0,6 x 0,6 m.
- Árbores de porte medio en beirarrúas de 3 m de ancho como mínimo, plantadas en alcorques de 0,6 x 0,6 m.
- Árbores de porte grande en beirarrúas de 4 m de ancho coma mínimo, en alcorques de 0.8 x 0,8 m.

Como alternativa, intercalar alcorques de 1 a 2 m. x 1,5 a 2 m. entre prazas de estacionamento en rúas que dispoñan de estacionamento en liña paralelo os bordos, nas que as beirarrúas non teñan anchura suficiente para dispoñer os alcorques anteriormente descritos.

A profundidade do foso de plantación non será nunca menor a 1,5 m. Tódalas árbores serán entutoradas mediante rollizos de madeira tratada de 7 cm. de diámetro e de altura igual ao tronco da árbore ata a cruz.

#### Articulo 22. *Arbustos.*

##### 22.1- Condicións específicas.

- Os arbustos non presentarán tallas inferiores a 80 cm. de alto. Deberán estar correctamente formados, ben estruturados e ramificados. Os de folla perenne presentarán un volume de follaxe san proporcionado.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- A altura, envergadura, compactidade e densidade da follaxe, así coma o número, distribución, diámetro e lonxitude dos tallos principais, deberán corresponder as características de crecemento y estéticas da especie ou cultivar a que pertenzan, a formación que se lles teña querido dar y a idade do individuo en proporcións ben equilibradas.

#### 22.1.1- *Arbustos para setos.*

Para a formación de setos as plantas serán:

- Da mesma cor e tonalidade.
- Ramificadas e guarnecidas dende a base, e capaces de conservar estes caracteres coa idade.
- Da mesma altura.

#### 22.2- Condicións de plantación.

A densidade de plantación para os arbustos pode ser variable segundo o desenrolo de cada especie, estimándose no inferior a tres pes por metro cadrado.

#### Articulo 23. *Vivaces*

Condicións específicas.

- A dimensión mínima de maceta na que se presentarán as plantas vivaces e tapizantes será M10.
- As plantas trepadoras estarán tutoradas. Os titores terán como mínimo a medida da planta. As fixacións non provocarán feridas nin estrangulacións.

Condicións de plantación.

- As plantas tapizantes plantaranse coa densidade suficiente para asegurar unha rápida cobertura, estimándose non inferior a 12 pes/m<sup>2</sup>.
- As plantas de temporada plantaranse coa densidade tal que presente unha cobertura completa.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

#### Artículo 24- *Palmeiras.*

##### 24.1- Condicións específicas.

- Deberán estar sas, maduras e aclimatadas para que non perigue o arraigo e o seu desenrolo futuro. Non deberán mostrar signos de etiolación, e dicir, con troncos (estipes) demasiado delgados e follas alongadas, síntomas de seres cultivadas nun marco de plantación demasiado estreito, nin síntomas de ter sufrido deficiencias hídricas nin nutricionais.
- As palmeiras de estipe único deberán ter éste perfectamente recto e vertical. As de estipe múltiple deberán ter cada un deles orientado adecuadamente a especie.
- Non deberán presentar feridas, meladuras ou oquedades no tronco, nin externas nin internas. Tampouco deberán presentar estrangulacións do estipe.

##### 24.2 Condicións de plantación.


- Presentaran as palmas ligadas e recubertas de cañizo ou outro elemento de protrección.
- O foso de plantación non será demasiado grande para evitar que o vento sacude a palmeira e dañe as raíces novas. Deixaranse entre vinte (20) e trinta (30) centímetros a cada lado e cincuenta centímetros mais de profundidade que o cepellón.
- Antes da plantación regarase o fodo de plantación asegurando unha boa drenaxe.
- Na base do foso de plantación se extenderá, como mínimo, unha capa de vinte (20) centímetros de material drenante de tamaño superior a cinco (5) centímetros.
- Enterraranse uns vintecinco (25) centímetros do estipe para favorecer a emisión de novas raíces dos gromos situados na base.
- O recheo do foso de plantación forase maioritariamente con area lavada, incorporando terra fértil e abono orgánico nos últimos trinta centímetros (30 cm).



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- Para asegurar unha humidade constante e adecuada en tódolo sustrato que rodea ao cepellón, colocaranse tubos de drenaxe recheos de grava lavada e situados a cada lado.
- As palmas iranse desatando a medida que vaian medrando as follas interiores.



*Plantación de palmeiras*



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

#### Articulo 25. *Tepes.*

##### 25.1- Condicións específicas.

Cando se utilicen tepes para o recubrimento do solo estes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Espesor uniforme, non inferior a catro centímetros (4 cm)
- A anchura mínima do tepe será de trinta centímetros (30 cm) e a súa lonxitude mínima será superior a un metro (1 m).
- Deberán ter sido segados regularmente durante dous meses antes de ser cortados.
- Non deberán recibir tratamento herbicida nos trinta días precedentes.
- Deberán ser cortados dentro das vinte e catro horas anteriores a súa posta en obra; en tempo fresco e húmido. Este prazo pode ampliarse ata dous ou tres días.
- A temperatura media no centro do bloque que formen antes de ser descargados, será inferior a os corenta grados (40°).

##### 25.2- Condicións de plantación.

A plantación de tepes realizarase de xeito que:

- Non sexa necesario de pisar os tepes recen postos.
- Non queden oquedades entre eles e o chan ou entre sí. Unha vez colocados espallarase terra lixeira para encher as xunturas.
- As terminacións de cada peza non queden alineadas.

Regarase ata saturar o tepe e uns centímetros de solo. A operación repetirase ata o enraizamento do tepe, cada vez que a dirección de obra o considere oportuno.

#### Articulo 26. *Sementes.*

As sementes utilizadas na construción de áreas encespadas deben cumprir as condicións seguintes:



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- Cumprirán as prescricións establecidas no Instituto Nacional de Sementes e Plantas de Viveiros.
- Non estarán contaminadas por patóxenos nin insectos. Non poden presentar sinais de ter sufrido algunha enfermidade nin ataques de insectos ou de animais roedores. Terán unha potencia xerminativa superior ao noventa e cinco por cen (95%).
- Estarán limpas de materiais inertes, de sementes de malas herbas e de sementes de outras plantas cultivadas, dentro dos límites establecidos polo Regulamento Técnico. Presentarán unha pureza igual ou superior a o noventa por cen (90%).
- Sumunistraranse no envase orixinal precintado.

Estas condicións estarán garantidas suficientemente, a xuízo da Dirección de obra; en caso contrario poderá dispoñer a realización de análises segundo as “Reglas Internacionais para o análises de sementes”, con gastos a cargo do Contratista.

#### 26.1- Sementeiras

A sementeira pode facerse a voleo, o que require persoal cualificado capaz de facer unha distribución uniforme da semente, ou por medio de sementadora. Para facilitar a distribución das sementes finas poden mesturarse con area ou terra moi fina en proporción 1:4 en volume. Tomaranse ademais as seguintes precaucións:

- En noiros sementarase en sentido ascendente e distribuirase mais semente na parte elevada.
  - Aumentará a cantidade de semente nos límites das zonas a sementar.
- Estenderase a sementeira uns centímetros mais alá da súa localización definitiva para recortar despois o céspede sobrante e definir así un borde neto.

##### 26.1.1- Época de sementa:



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

Os momentos mais apropiados para sementar son o outono e a primavera, en días sen vento e co chan pouco ou nada húmido. Estas épocas, son susceptibles de ampliación cando así o coidadosa marcha da obra e poidan asegurarse uns cuidados posteriores suficientes.

#### Dosificación:

As cantidades de semente a empregar por unidade de superficie axustaranse a o que indica o Proxecto; pero si non se indica expresamente, a Dirección de Obra poderá fixalas entre vintecinco (25) e cincuenta gramos por metro cadrado (50 gr/m<sup>2</sup>). Segundo a porcentaxe de sementes grosas.

As cantidades aumentaranse cando sea de temer unha diminución da xerminación; por insuficiente preparación do terreo, abundancia de paxaros ou de formigas, etc.

#### Artículo 27. *Abastecemento e Acopio do material vexetal.*

No momento da recepción do material estará presente o Inspector de Obra designado polo Concello, quen constatará que cumbran as seguintes normas:

- Tódalas árbores, arbustos e plantas herbáceas cumprirán os requisitos especificados no Capítulo II da presente Ordenanza.
- Cada planta verificará as descrições da súa etiqueta identificativa. Ademais presentará boas condicións fitosanitarias e correctas condicións de abastecemento.
- O transporte se realizará o mais rápido posible para diminuír os efectos que esta operación puidera producir nas plantas.
- As plantas subministraranse a obra en vehículos abertos, debidamente inmobilizadas e recubertas cun material de protección para evitar posibles golpes, deshidratacións feridas, etc.

Si unha vez descargadas as plantas na obra non se puidesen plantar o mesmo día, tomaranse as seguintes medidas de protección:

- Habilitarase unha zona para acopiar o material vexetal na obra, que terá un solo con textura areosa ou franco-areosa, protexida contra a insolación e dos ventos fortes.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- As árbores e arbustos subministrados a raíz espida colocaranse nunha gabiola aberta a tal fin. Cubriranse as raíces con terra, procurando que estas queden en contacto, regando a continuación.
- As árbores e arbustos subministrados en cepellón sen protección, situaranse nun lugar a sombra, tocándose os cepellóns e cubríndoos con terra ou con un acolchado. Evitarase estragar a estrutura do cepellón. Se regará procurando mollar o interior do cepellón.
- As plantas subministradas con contedor ou cepellón protexido con malla metálica e escaiola manteranse dentro do recipiente correspondente ata a súa plantación. Regaranse individualmente.
- En inverno as árbores e arbustos leñosos cubriranse cun acolchado. As plantas sensibles ao frío protexeranse colocándoas dentro dun invernadoiro ou dunha zona preparada para este fin.
- Evitarase a desecación de calquera parte da planta, así como o exceso e acumulación de auga.
- Durante o tempo que as plantas estean almacenadas teranse cubertas as súas necesidades hídricas e nutricionais. As pragas e/ou enfermidades combateranse inmediatamente, tan pronto aparezan.
- As plantas acopiaranse segundo o tipo, especie e/o variedade e tamaño, facendo posible un control e unha verificación constante das existencias no acopio.
- As plantas non poderán estar máis de tres días nestas condicións.

#### Artículo 28. *Épocas de plantación.*

Para elixir o período de plantación terase en conta o orixe da planta, o tipo de folla e o tipo de abastecemento; así:

- As plantas de orixe templado ou frío, de folla caduca, presentadas a raíz espida plantaranse de novembro a marzo; se veñen en cepellón poderán plantarse dende setembro a marzo e as presentadas en contedor poderanse plantar o longo de todo o ano.
- As plantas de orixe templado ou frío, de folla persistente, presentadas en cepellón plantaranse dende setembro ata maio e as presentadas en contedor poderán plantarse durante todo o ano.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

- As plantas procedentes de zonas cálidas, tanto de folla caduca como de folla persistente, subministradas con cepellón ou en contedor, plantaranse dende marzo a maio
- O período de plantación mais favorable é aquel no que a sabia está parada.
- A mellor época de plantación das palmáceas é a mais calorosa durante os meses de xuño a setembro.
- As plantas de flor (anuais e bianuais), os bulbos e tubérculos pódense plantar ao longo de todo o ano, en función das variedades e as condicións climáticas.
- As plantas acuáticas plantaranse durante os meses de abril a xulio.
- Non se plantará nunca en solo xeado ou excesivamente mollado, nin en condicións climáticas moi desfavorables.

#### Artículo 29. *Apertura e recheo de fosos e gabias de plantación.*

A apertura de fosos e gabias de plantación faise escavando o terreo nun volume proporcional as esixencia da plantación a realizar.

As dimensións mínimas dos foxos de plantación para árbores será 2 veces o diámetro das raíces ou cepellón en sentido horizontal, e 1,5 a súa profundidade en sentido vertical. Para as árbores aliñadas, farase un desfonde proporcionado a toda a superficie do alcorque.

Os fosos para a plantación de arbustos terán como mínimo quince centímetros mais de ancho que as raíces ou o cepellón.

Antes da escavación definitiva consideraranse as características do subsolo e as redes de condución con vistas a un posible replanteo.

Os fosos e gabias para a plantación definitiva abriranse coa máxima antelación para favorecer a meteorización do solo. No caso de terras non areosas, as paredes e fondo dos fosos e gabias desprenderanse para favorecer a acción dos axentes atmosféricos.

O facer a escavación separaranse os horizontes do terreo, aproveitando a primeira capa de terra fértil para utilizala como recheo. Os horizontes mais profundos poderán ser utilizados, si son adecuados para o desenrolo do sistema radicular, mesturados con terra fértil e abono.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

O recheo dos fosos e gabias de plantación faise tras asentar as plantas, debendo prestar atención a calidade dos diferentes materiais de recheo en relación co futuro desenrolo radicular. Así:

Si o material é homoxéneo e adecuado para o desenrolo radicular, pódese utilizar directamente. Si é medianamente adecuado mesturase con terra fértil e deberase abonar.

Si o material é homoxéneo e inadecuado o desenrolo radicular, substituirase por terra fértil e o escavado retirarase a vertedoiro.

Si o material é heteroxéneo no sentido da súa influencia sobre o futuro desenrolo do sistema radicular, durante a escavación intentarase separar os diferentes materiais de xeito que os que sexan aproveitables se usen de recheo e o resto levaranse a vertedoiro.

Si hai dilatación no momento da plantación, é preciso dispoñer os materiais de xeito que non queden expostos a erosións e desprendementos por augas de chuvia.

#### Artículo 30. *Plantación.*

- a) A plantación a raíz espida efectuarase, como norma xeral coas árbores e arbustos de folla caediza que non presenten especiais dificultades para o seu posterior enraizamento. Previamente procederase a eliminar as raíces danadas mediante poda.

A planta presentarase dentro do foso de xeito que as raíces non sufran flexións, e se encherá o foso con terra adecuada en cantidade suficiente para que o asentamento posterior non orixine diferencias de nivel.

Plantarase a mesma profundidade que estaba orixinariamente en viveiro.

- b) A plantación con cepellón é obrigado para as coníferas e para as especies de folla persistente.

Para as plantas en contedor ou cepellón, a superficie da terra quedará ao mesmo nivel.

Ao encher o foso irase apertando a terra de xeito que non se desfaga o cepellón que rodea as raíces e asegurando o contacto entre as raíces e a terra. Evitaranse as bolsas de aire provocadas por unha mala compactación.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

O cepellón estará suxeito de forma adecuada, no caso de exemplares de gran tamaño ou desenrolo, será a Dirección de Obra a que decida si as envolturas poden quedar no interior do foxo ou deben ser retiradas. En todo caso a envoltura se separará unha vez colocada a planta no interior do foso.

- c) As palmeiras e todos aqueles árbores xóvenes con poder de rexeneración celular, capaces de emitir raíces novas, enterraranse entre 15-20 cm. Respecto do nivel orixinal para favorecelo enraizamento. As plantas inxertadas plantaranse de xeito que a zona de inxerto non quede cuberta polo solo.
- d) Unha vez terminadas as plantacións de arbustos e vivaces cubrirase o terreo con unha capa de “mulch” (casca de pino ou similar), para evitar a emisión das malas herbas.
- e) As pendentes superiores ó 30%, cubriranse mediante plantacións de vivaces cubresolos ( trepadoras, tapizantes, semiarbusivas, arbustivas ananas, etc.)
- f) Si o subsolo é de baixa calidade e difícil de drenar, ou é pavimento (Aparcamentos subterráneos) habilitarase unha capa drenante aislada do subsolo e da terra fértil con unha malla antirraíces.

#### Artículo 31. *Plantacións no interior da auga.*

As plantacións realizaranse en recipientes de 30 cm de profundidade como mínimo en estanques artificiais, seguindo as seguintes normas:

A terra aportada será arxilosa.

- Non se farán abonados orgánicos cuxa descomposición favorece o desenrolo de plantas non desexables e algas.
- A plantación, no posible, farase antes de encher de auga. De outra maneira, cubrirase a terra do recipiente cunha capa de gravilla para evitar que se perda ou que se ensucie a auga.
  - O nivel da auga deberá manterse constante.
- As plantas pequenas deben quedar sumerxidas entre cinco e vinte centímetros e as grandes entre trinta e sesenta centímetros.
- A plantación se efectuará nos meses de abril a xullo con plantas próximas ao desenrolo adulto.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

#### Artículo 32. *Titores i elementos de soporte.*

Os titores, ventos e outras medidas de soporte serán necesarios para ancorar e manter en posición vertical as árbores acabadas de plantar.


A altura do titor será como mínimo a da árbore ata a cruz e o espesor será de sete centímetros de diámetro (7cm) e estará feito de rollizo de piñeiro ou acacia con tratamentos para resistir a intemperie e as pragas i enfermidades.

O titor cravarase como mínimo 0,5 m por debaixo do foxo de plantación.

Quedarán en posición vertical, centrado co tronco e a unha distancia de 20 cm con respecto a este. Se utilizarán dúas fixacións, unha no extremo do titor e outra a 2/3 de este.

O titor simple colocárase no lado de onde sopra o vento dominante. Para situacións adversas utilizaranse dous ou incluso tres titores.

As fixacións dos titores e dos ventos ao tallo da árbore faranse cun material elástico e non abrasivo para a cortiza e resistente a os raios uv. A súa disposición non pode en ningún momento orixinar feridas as plantas. Manteranse como mínimo durante dous períodos vexetativos.




*Titores*



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

Cando a colocación de tiores non é apropiada ou suficiente, recorrerase a fixación por medio de ventos. Estes estarán constituídos por tres tirantes de cable galvanizado, equidistantes 120 grados en planta e 45 grados en alzado. Os cables e os ancoraxes irán provistos de tubos ou platinas señalizadoras para advertir da súa presenza.



*Ventos de tres tirantes*



## **Concello de Vigo**

### **Montes, Parques e Xardíns**

#### Articulo 33. *Transplantes.*

Cando sexa necesario mover do seu emprazamento algún elemento vexetal, procederase a o seu transplante.

Para elo escavarase unha gabia o redor da planta a unha distancia i en profundidade suficientes para que quede incluído o cepellón, cortando con coidado as raíces que podan aparecer.

Nos casos nos que a planta sea grande ou teña que ser transportada lonxe, asegurase a inmovilidade do cepellón rodeándoo dunha envoltura de escaiola ou dubelas de madeira convenientemente apertadas contra a terra.

#### CAPITULO IV. NORMAS SOBRE REGO.

#### Articulo 34. *Normas xerais.*

Tódolos proxectos de xardinería contarán cun anexo de rego onde se describa, calcule e xustifique o sistema de rego adoptado. En termos xerais utilizarase a aspersión para as zonas amplas, os difusores para as zonas estreitas i o goteo para os noiros moi pendentes e para xardineiras.

O sistema de rego estará automatizado, e os programadores de rego electrónicos iran conectados a rede da iluminación pública.

Nel constará tamén, o deseño hidráulico no que se detalle:

- Características da rede de acometida.
- Características dos elementos de rego.

En tódalas superficies axardinadas deixarase instalada, a lo menos, unha boca de rego.

#### Articulo 35. *Gabias.*

A profundidade da gabia para enterrar as tuberías de rego será tal que a xeratriz superior dos tubos se atope a unha distancia como mínimo de 40 cm.




## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

por debaixo da rasante do terreo. A anchura deberá ser de 40 cm, podéndose admitir que a mesma sexa de 30 cm cando existan outras canalizacións ou servizos que dificulten a execución da gabiá de rego.

Unha vez aberta a gabiá limparase o fondo de pedras e se botará unha capa de 15 cm de area fina sobre a que se instalará a tubería. Posteriormente se cubrirá con terra exenta de áridos > 4 mm, compactándoa por tongadas de 15 cm, ata o recheo total.

Deberá colocarse unha cinta de sinalización, que advirta da existencia da canalización de rego, de 30 cm de ancho en gabiá de 40 cm, ou de 20 cm de ancho en gabiá de 30 cm, situada a unha distancia mínima da rasante do solo de 20 cm.



*Zanxa para a colocación de tubería de rego*

Artículo 36. *Emisores de rega.*

36.1- *Aspersorios.*



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

Serán emerxentes, de turbina e con sistema antivandálico. As boquillas permitirán axustar a pluviometría e o radio de cobertura..

O alcance e o radio de cobertura serán tales que non queden zonas sen regar ni mollen fora das zonas previstas.

#### 36.2- Difusores.

Serán emerxentes e contarán con sistema antivandálico e con boquilla regulable. Serán os adecuados a superficie a regar.

#### 36.3- Goteo.

Os goteiros serán autocompensantes, integrados na tubería e con sistema antiherbas que permita que vaian totalmente enterrados.

### Articulo 37. *Tuberías.*

Presentaranse os cálculos dos diámetros da rede de tuberías e das perdas de carga, tendo en conta que a velocidade da auga no interior das tuberías non pode ser superior a 1,5 m/s. Así mesmo comprobarase a uniformidade de rego según a Norma de Christiansen.

Utilizarase tubería de PE de Baixa Densidade para a distribución da rede de rego, ou de PVC para as acometidas.

### Articulo 38. *Automatismos.*

#### 38.1-Programador de rego.

Sempre que se poda instalarase un programador electrónico a 220v e se conectará a rede de alumeados público.

O programador contará con tantas estacións como sectores de rego mais unha (polo menos) e terá dous ou mais programas independentes.

Estará protexido por un sistema antivandálico.

Cando non se poda instalar un programador electrónico, por non ser posible a súa conexión a rede eléctrica, utilizaranse programadores de batería.

#### 38.2- Electroválvulas.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

Estarán fabricadas con elementos resistentes a humidade; o corpo da válvula será de fibra de vidro con poliéster ou material plástico de similares condicións.

Os compoñentes internos serán de aceiro inoxidable ou plástico inalterable e estarán dispostos de xeito que se realice un autolavado da propia válvula.

O solenoide, que actuará baixo unha tensión de 24v, estará totalmente encapsulado e será resistente a corrosión e a penetración da auga. A disposición do solenoide na válvula será tal que permita a súa substitución en caso de avería, con facilidade.

As electroválvulas estarán adecuadas a presión de traballo indicada no proxecto, tendo un marxen de traballo admisible do 50% da presión anterior en mais ou en menos.

#### Artículo 39. *Válvulas.*

Instalarase unha válvula manual de bola antes de cada electroválvula que permita o cierre do sector en caso de avería da electroválvula.

#### Artículo 40. *Arquetas.*

As arquetas para as válvulas e electroválvulas terán as dimensións adecuadas para permitir o acceso a éstas no seu interior con comodidade. Utilizaranse arquetas de 30 x30 ou múltiplos de estas dimensións.

As tapas das arquetas serán de fundición con peches antivandálicos.

### CAPITULO V. NORMAS SOBRE MOBILIARIO.

#### Artículo 41. *Normas xerais.*

Estarán construídos cos materiais que se especifiquen no Proxecto. Os elementos metálicos estarán debidamente protexidos contra a corrosión. Exisirase mobiliario de construción robusta e o emprego de seccións e perfíles adecuados o peso e o esforzo que teñan que soportar.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

#### Articulo 42. *Papeleiras.*

Empregaranse, preferentemente, papeleiras de aceiro inoxidable ou chapa metálica zincada e terminada con pintura oxirón; con unha capacidade de cuarenta ou sesenta litros.

#### Articulo 43. *Bancos.*

Os bancos deberán ser, preferentemente, formados por patas de fundición, con imprimación anticorrosión e terminadas en pintura oxirón. O asento e respaldos de tablón de madeira tratada, de densidade mínima de seiscentos (600) kilos por metro cúbico. Así mesmo non presentará ningún tipo de pudrición, enfermidades ou ataques de xilófagos, nin nudos saltadizos. Estará perfectamente secada, en xeral, sin ningún defecto que poda afectar a duración e bo aspecto dos bancos.

Cando os bancos sexan de pedra, carecerán de aristas vivas; estarán achaflanadas ou redondeadas.

#### Articulo 44. *Bebedeiros.*

Instalaranse bebedeiros en tódalas zonas de xogos infantís e deportivas. Para a súa colocación buscarase a proximidade da canalización da rede abastecemento de auga e a de evacuación de pluviais.

Os bebedeiros deberán ser de aceiro inoxidable ou de pedra.

#### Articulo 45. *Xogos infantís.*

Os xogos infantís deberán adaptarse en canto a diseño, distancias de seguridade, etc, as normativas europeas vixentes EN 1176 (varias) y EN 1177.

## CAPITULO VI. NORMAS SOBRE DRENAXE E AVENAMENTO

#### Articulo 46. *Normas xerais.*



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

Sempre que sexa de esperar un encharcamento nalgún punto da zona axardinada, dispoñerase un sistema de drenaxe que evacue o exceso de auga ata os sumidoiros.

A excavación das zanxas para a colocación dos tubos de drenaxe executarase de acordo coas dimensións indicadas no Proxecto ou a que sinale a Dirección de Obra ata obter unha superficie firme.

A excavación das zanxas començarase polo punto mais baixo.

Como norma xeral, o sistema de drenaxe colocarse :

- Tanto mais profundo canto maior sexa a distancia entre zanxas.
- De xeito que a profundidade mínima corresponda a cabeza de línea, donde será do orden de trinta a cuarenta centímetros.
- No caso de parques ou plantacións abundantes, a unha profundidade de ó redor de un metro.
- Cando predominen céspedes, entre cuarenta e sesenta centímetros aproximadamente.

Terase en conta que os tubos quedarán colocados con unha pendente lonxitudinal comprendida entre o dous por mil e o un por cento, sempre que sexa posible esta pendente coincidirá coa da superficie do solo.

Nas áreas destinadas a uso moi frecuente, as zanxas situaranse mui próximas; a separación convinte medra coa permeabilidade do terreo e decrece coa intensidade de uso, podendo variar entre tres e dez metros.

#### Artículo 47. *Tubos.*

Os tubos para drenaxe estarán construídos plástico ranurado ou perforado, ou outro material acreditado pola experiencia e que cumpra as seguintes condicións:

A súa forma e dimensións serán as sinaladas no Proxecto. Cando non conste, o diámetro será superior a catro centímetros (4cm) nos tubos de plástico e variará entre seis (6) e dezaseis centímetros (16 cm) nos de outro material.

As xeneratrices dos tubos serán rectas perpendiculares a sección transversal; nos codos e noutras pezas especiais, terán a curvatura correspondente. A frecha máxima tolerable será do un por cento (1%) da lonxitude medida na concavidade.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns

Os tubos serán fortes, duradeiros, libres de defectos grietas e deformacións, e coa superficie interior razoablemente lisa.

#### 4.1- Colocación dos tubos:

- O fondo da zanja compactarase ata lograr unha base de apoio firme e verificarase que estea de acordo coa rasante definida nos planos.
- Os tubos tenderanse sobre un leito de dez centímetros (10 cm) de material filtrante, comenzando dende o punto mais alto, en sentido descendente. As xuntas e unións realizaranse seguindo as instrucións da Dirección de Obra e as recomendación do fabricante.
- Coidarase tapar a entrada do primer tubo, de xeito que soio poda pasar a auga. Así mesmo, cando se interrompan os traballos, debe taparse tamén o último tubo para impedir a entrada de pequenos animais.
- Os tubos abocaran aos colectores formando un ángulo de corenta e cinco graos (45°) aproximadamente, nunca superior a os sesenta graos (60°).


#### 4.2- Recheo da zanja.

- Non se comezará o recheo ata que as unións esten en condicións de soportar as cargas que van a actuar sobre elas. Efectuarase con material filtro adecuado, colocado en tongadas de espesor inferior a dez centímetros ata alcanzar a altura indicada; a compactación, cando sexa necesaria, levarase a cabo con elementos apropiados para non danar nin alterar a posición dos tubos.
- Unha vez terminada a colocación do material filtro, procederase ao recheo por ambos dous lados da zanja para evitar posibles desprazamentos da tubería.
- O material empregado pode ser o precedente da excavación, sempre que non conteña elementos que poidan danar a tubería.
- Durante as obras evítanse carga perigosas sobre a tubería recuberta, como as que puideran resultar do paso de vehículos ou de maquinaria pesada.



## Concello de Vigo

### Montes, Parques e Xardíns



*Zanja para a colocación de tubería de drenaxe*

#### Artículo 49. *Material filtro.*

Consideraranse material filtro a os áridos naturais ou procedentes de machaqueo e trituración de pedra ou grava, de granulometría entre un e catro centímetros; areas, escorias, solos seleccionados ou calquer outro material filtrante. Estes estarán exentos de margas, arcillas e outras materias inadecuadas.

#### Artículo 50. *Capa filtrante*



## **Concello de Vigo**

### **Montes, Parques e Xardíns**

En moitos casos, pode ser necesaria a colocación de unha capa de entre cinco e quince centímetros de espesor, constituída por area, escorias, grava fina ou outro material filtrante de granulometría semellante.

Esta capa filtrante colócase entre o material filtro e a terra vexetal cando se trata de unha superficie encespada. En algúns casos, como campos de xogo, poden extenderse baixo tódala superficie. En outros, cando a permeabilidade do terreo o permita, pode substituír ao sistema de avenamento.

#### **CAPITULO VII ENTREGA DAS OBRAS.**

##### *Artigo 50. Recepción provisional das obras.*

Para proceder a entrega provisional das obras, será necesaria a asistencia do Contratista, do Director da Obra e do Inspector de Obra nomeado polo Concello.

Si as obras se atopan en bo estado y foron executadas de acordo coas condicións establecidas, daranse por percibidas provisionalmente, comezando a correr nese data o prazo de garantía que se considerará de un ano. Despois de realizar un minucioso recoñecemento, e si as obras estuvresen conformes coas condición de esta Normativa, levantarase acta por duplicado. Unha das actas quedará en propiedade do Contratista e a outra entregarase o Concello.

No caso no que o resultado do recoñecemento fose negativo, por atoparse defectos nas obras, farase constar na acta, i especificanrase as instrucións que o Director de Obra debe sinalar ao Contratista para remediar os defectos observados, fixando un prazo para subsanalos. Expirado este farase un novo recoñecemento en idénticas condicións a fin de proceder a recepción provisional da obra.

Dende a data en que a recepción provisional qued a feita, comenza a contarse un prazo de garantía de un ano. Durante éste o Contratista farase cargo de tódalas reparación e desperfectos imputables a defectos ou vicios ocultos.



## **Concello de Vigo**

### **Montes, Parques e Xardíns**

#### *Artigo 51. Recepción definitiva das obras.*

Terminado o prazo de garantía verificarase a recepción definitiva da obra, según as mesmas condicións que a provisional. Si as obras están ben conservadas e en perfectas condicións, o Contratista quedará relevado de toda responsabilidade económica; en caso contrario retrárase a recepción definitiva da Obra ata que a xuízo do Inspector da Obra e dentro do prazo que se marque, queden as obras do xeito que se determine neste Prego.



FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.  
UNION TEMPORAL DE EMPRESAS. LEY 18/82




CONCELLO DE VIGO - SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO DE AGUA.

FECHA  
REF.

25 de octubre de 2001  
Nº 1.586 – AMV-RSL/ms.

C/ Cantabria, s/n  
Telf: 986 37 99 66  
Fax: 986 37 83 36  
36205 VIGO

C/ Venezuela, 4  
Telf: 986 48 06 42  
Fax: 986 47 26 46  
36203 VIGO



**A/A. D. ANTONIO ALONSO FERNANDEZ**  
**GERENCIA DE URBANISMO**  
**OFICINA DE PLANEAMIENTO**  
**EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

**ASUNTO: Su escrito de 18.10.01 de R.E. Expte. Refª 6.570/411.**  
**Plan Especial de Reforma Interior IV-01 San Roque A.**

En contestación al asunto citado y en virtud de su contenido, le informamos lo siguiente:

**RED DE DISTRIBUCION DE AGUA:**

- El diámetro mínimo de los tubos será de 100 mm. con el empleo de tubería de fundición dúctil.
- En las redes malladas llevará en cada nudo válvulas de corte y en las ramificadas una válvula de seccionamiento en cada ramal.
- En las redes secundarias solamente se admitirá como en el resto, tubería de fundición y tanto las acometidas de abastecimiento o saneamiento en los posibles edificios serán ejecutadas por el concesionario de acuerdo con el artículo 13 apartado 4 del Reglamento del Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo.
- Si se prevé la colocación de hidrantes, la red será de diámetro 150 mm.
- La profundidad mínima de la tubería será tal, que la generatriz superior del tubo quede por lo menos a 1 metro en lugares de tráfico y se podrá disminuir a 60 cm. en lugares sin tráfico. Estarán suficientemente separadas para que en caso de una reparación, ésta se pueda llevar a cabo sin que las demás redes lo impidan. Si debajo de las aceras no hubiese sitio, la red de abastecimiento puede ir por la calzada.



FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.  
UNION TEMPORAL DE EMPRESAS. LEY 18/82

- No se permite el cruce de calzadas con acometidas para abastecer a bloques de viviendas por lo que se tendría que colocar tuberías en las dos aceras siempre que exista inmuebles en ellas.
- La red de riego tendrá que ser de fundición y es aconsejable que para el riego de parques y jardines, se prevean pozos para abastecer esta red ya que las conducciones existentes están al límite de su capacidad hidráulica.
- Las bocas de riego para la limpieza de aceras y viales pueden estar conectadas directamente a la red de distribución de abastecimiento.
- Para abastecer la zona representada en el PERI San Roque, se tendrá que captar el agua por dos puntos distintos.

La zona incluida dentro de la cota limitada por el valor de 105 se abastecerá desde la c/Pizarro.

A partir de la cota 105 se suministraría desde la tubería de Couto de San Honorato.

### **RED DE SANEAMIENTO:**

La red de colectores existente es la que figura en el plano, antigua y deficiente, presentando anomalías que dificultan su mantenimiento.

No está en condiciones de soportar la incorporación de nuevos vertidos.

Atentamente,  
  
**Seraquia, S.A.**

Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.  
Unión Temporal de Empresas Ley 18/82

Juan Carlos Ortiz López

JEFE DPTO. EXPLOTACION

**UNION FENOSA****distribución****Sector Pontevedra Sur****Mensaje por Telefax**Fecha: 25 / 10 /2001Número de páginas incluyendo la  
cubierta del fax: 1**Para: CONCELLO DE VIGO****Xerencia Municipal de Urbanismo**Teléfono: 986 81 01 00

Extensión: \_\_\_\_\_

Nº. de fax: 986 22 01 27**De: SECTOR PONTEVEDRA SUR****UNIÓN FENOSA**Teléfono: 986 48 53 63Extensión: 34907Nº. de fax: 986 49 34 16

COMENTARIO:  Urgente  Para su  
revisión  Responder  
urgente  Por favor  
comentar

Les comunicamos que en nuestras oficinas de Carretera de Madrid, 24  
(Subestación de Sárdoma) - 36214 Vigo, tienen preparados los planos solicitados  
en su escrito de fecha (19/10/01), PLAN ESP. REF. IV-01 SAN ROQUE EXP:  
6570/411.

Rogamos pasen a recogerlos.

Atentamente.

Juan R. Guijarro Castro.

NOTA: Preguntar por Paco.

AVD. MADRID, S/N (SUB. SARDOMA)  
36214 VIGO (PONTEVEDRA)  
ESPAÑA  
TEL 986 48 53 03  
FAX 986 49 34 16

**CONCELLO DE VIGO**  
**Xerencia Municipal de Urbanismo**  
**C/ Plaza do Rei, s/n**  
**VIGO**

UNION ELECTRICA-FENOSA, S. A.		
Sector Pontevedra Sur		
Entrada		
Salida		22 OCT. 2001

N/Ref. : JRGC/fdh 0158/2001

Vigo, 22 de Octubre de 2001

**ASUNTO: COPIAS DE PLANOS**

Muy Sres. nuestros:

Les enviamos copia de planos "*situación aproximada*" de las LMTS (15 Kv.) y RBTS (400 V), que puedan afectar a su obra de "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR IV-01 SAN ROQUE A N°. DE EXPEDIENTE: 6570/411", en Vigo. Solicitado en su escrito de fecha 19/10/2001.

Debido a que la situación de las líneas en los planos es aproximada, es condición imprescindible para la correcta ubicación de las líneas la localización "in situ" de las mismas. Por ello, les rogamos que antes del comienzo de las obras, contacten en el teléfono 654 314 177, Extensión: 33417, con el Sr. Manuel Rodríguez Casal, para proceder a la "*localización exacta de los cables*".

Atentamente

 UNION FENOSA

*JRG*

Fdo. : Juan Ramón Guijarro Castro

Jefe sector Pontevedra Sur



PREMIO EDISON  
INTERNACIONAL  
A LA INNOVACIÓN,  
EL LIDERAZGO  
Y LA CREACIÓN  
DE VALOR.

www.uef.es



**Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**OFICINA DE PLANEAMENTO**

**ASUNTO: PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR IV-01 SAN ROQUE A  
Nº DE EXPEDIENTE: 6570/411**

		19 OCT. 2001

**UNION ELECTRICA FENOSA  
GARCIA BARBON 38  
VIGO**

Estando en fase de redacción por parte dos servizos técnicos municipais da Oficina de Planeamento desta Xerencia o documento para aprobación inicial do PERI IV-01 SAN ROQUE A, xunto envíase copia do plano do ámbito de dito planeamento, e das características da proposta de ordenación do Avance de Planeamento, para informe relativo á existencia e características dos servizos de suministro de enerxía eléctrica, e a suficiencia, no seu caso, para a actuación prevista, así como condicionantes e características das redes e instalacións que se vaian a executar, para garantir o axeitado enlace coas redes xerais..

Vigo 15 de outubro de 2001  
O Arquitecto municipal:

Asdo: Antonio Alonso Fernández


Recibín o / / 2001

Asdo:.....

ENTRADA/		
NUM. _____		
FECHA 18 OCT. 2001		
PASE A:	EJECUTAR	ENTERADO
DELEGADO		
DISTRITO VIGO		
C. RESIDENCIALES	X	
G. CLIENTES		
DISTRITO PONTEVEDRA		
OBRAS		
MANTENIMIENTO		
GESTIÓN RECURSOS		
TRAMITACIONES		
SECRETARÍA		







ALCALDÍA


Sr. Xerente de Urbanismo

CONCELLO.-

O Pleno desta corporación en sesión ordinaria do día 26 de novembro acordou, aproba-la moción sobre "arranxo de rúas e construción aparcadoiro subterráneo no barrio de San Roque", do que lle remito certificación.

Vigo, 21 de xaneiro do 2002

O ALCALDE,



Lois Pérez Castrillo



## Concello de Vigo

FRANCISCO JAVIER GARCÍA MARTÍNEZ, SECRETARIO XERAL ADXUNTO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión do día 26 de novembro de 2001, adoptou o seguinte acordo:

- d) Do Grupo Popular sobre arranxo de rúas e construción aparcadoiro subterráneo no barrio de San Roque.

**ANTECEDENTES.-** O voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de outubro de 2001, formula a seguinte moción:

"A anunciada humanización do Calvario fai que os veciños de San Roque formulen unha vella reivindicación para o seu barrio. Os habitantes da zona teñen a necesidade obxectiva de que sexa mellorada a infraestrutura viaria pola que circulan non sómentes xentes que habitan na área senón tamén outros moitos vigueses que acuden ó Hospital Xeral Cíes ou ás diversas dependencias oficiais e dotacionais existentes na barriada. Ó mesmo tempo, as obras que se deberían realizar en San Roque serían complementarias das do Calvario.

Ademais do movemento que xeran o Hospital Xeral mailo mercado do Calvario, existen en San Roque innumerables puntos de atracción de público, dende o Centro de Especialidades e o Centro de Saúde da rúa Faisán, ata as dependencias das delegacións do INEM e Tesourería da Seguridade Social, pasando polo colexio Mariano, igrexa de San Pablo, supermercados, etc. O problema será sen dúbida máis grave co próximo desenvolvemento dos PERI de San Roque, A Rola e Ribadavia e a construción das torres de Pizarro.

Os efectos da demanda dos veciños, o corredor formado polas rúas Andalucía, San Roque e Colombia, que comunica o mercado do Calvario coa rúa Pizarro, na que está situado o Hospital Xeral Cíes, presenta un estado deplorable. As beirarrúas, que necesitan ser reparadas hai moito tempo, teñen entre 0,65 e 1,30 metros, insuficientes para o movemento peonal da zona. O feito de que haxa vehículos aparcados todo ó longo do corredor, ata crear unha barreira infranqueable, impide baixar á calzada cando dous ou máis peóns se cruzan na beirarrúa. Coas invernías, o problema complicase xa que aparecen innumerables bolsas de auga.

A proposta para mellorar a situación dos cidadáns como peóns, non pode esquecer ós automóviles que resultarían afectados polas medidas que se adopten. No corredor Andalucía-San Roque-Colombia estacionan permanentemente unha media de 208 vehículos.

Expostos os antecedentes, presentamos para a súa aprobación a seguinte moción:

Creación dun corredor semipeonalizado, con ensanche das beirarrúas e humanización das rúas no percorrido comprendido por Andalucía, San Roque e Colombia ata a Praza de Isabel a Católica, establecendo un sentido único de circulación para os vehículos en dirección mercado do Calvario-Hospital Xeral Cíes.

Construcción dun aparcadoiro público soterrado na barriada, en réxime de concesión, que axude a absorber os automóviles que actualmente estacionan nas rúas. Ademais do aparcadoiro, a situar no emprazamento que determine a Concellería de Tráfico, os servicios técnicos municipais levarán a cabo un estudio de reestructuración do aparcadoiro de superficie en San Roque e inmediacións, co obxecto de poñer en servicio o maior número posible de prazas para estacionar.

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 21 de novembro de 2001, quedou enterado do contido da anterior moción.

Proposta formulada polo Sr. de Acosta Beiras durante o curso do debate:  
Aprobar a moción no sentido de a considerar orientadora para as actuacións que se vaian realizando a medida que se desenvolve o plan previsto para esta zona.


(No momento da votación está ausente o Sr. González Príncipe).

**VOTACIÓN E ACORDO.**- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo Sr. Figueroa Vila, do Grupo Popular, sobre arranxo de rúas e construción de aparcadoiro subterráneo no barrio de San Roque, no sentido de a considerar orientadora para as actuacións que se vaian realizando a medida que se desenvolve o plan previsto para esta zona.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo, a trece de decembro do ano dous mil un.



Vº e prace  
O ALCALDE,